



BASES DO CONCURSO



VINTE CON OUTROS OLLOS

Concurso de creatividade audiovisual en Instagram

As rúas, os parques, os montes, a praia, as corredoiras... estivemos tanto tempo sen eles que agora vai ser inevitable velos doutra maneira. Tamén a xente querida e as pequenas cousas que faciamos antes do confinamento. Conforme regresamos á nova normalidade, a realidade que temos diante mudou e a nosa forma de mirar tamén. Queremos que compartas connosco na rede esa nova ollada. Temos premios para ti.

Punto Gal e a revista VINTE convocan un concurso para incentivar a creación audiovisual en galego na rede. Consiste na creación dunha peza de vídeo inferior a 1 minuto na que cada participante nos mostre a realidade exterior cunha ollada distinta a como a vía antes.

BASES

A Asociación Punto Gal e a revista VINTE convocan un concurso para incentivar a creación audiovisual en galego na rede. Consiste na creación dunha peza de vídeo inferior a 1 minuto na que cada participante comparta a súa ollada sobre calquera elemento do exterior, ou incluso do interior, que agora vexa doutra maneira a medida que remata o confinamento.

O concurso está destinado a todas as persoas usuarias de Instagram maiores de idade que queiran participar aceptando as seguintes bases.

1. Pode participar calquera persoa maior de idade con domicilio en calquera parte do mundo.
2. Para participar será necesario 1) ter unha conta propia en Instagram e desde ela publicar un vídeo co tema proposto. O vídeo pode levar texto descritivo ou non e terá que incluír o cancelo #vinteconoutrosollos na publicación. 2) Enviar o vídeo orixinal, incluíndo o enlace da publicación en Instagram, xunto cos datos da persoa participante, a través deste formulario:

<https://forms.gle/bCciKptyCn4q5Ci29>



BASES DO CONCURSO



3. A inclusión do hashtag #vinteconoutrosollos supón a participación da peza ao concurso. Cada persoa poderá facer as pezas que queira para participar.
4. Os vídeos deberán ser inéditos.
5. Os textos que vaian inseridos nos vídeos, tanto orais como escritos, e mais os da publicación que os acompañen deberán estar en galego.
6. O prazo para publicar os vídeos que entren a concurso rematará ás 23:59h do 31 de maio.
7. Un xurado composto por 5 persoas do mundo da creación en Galicia valorarán os traballos a premiar.
8. Establécense os seguintes premios:
 - i. Un primeiro premio, consistente nunha cámara GoPro.
 - ii. 4 segundos premios, consistentes nun vale de 100€ para consumir en librarías galegas. As librarías adheridas a esta iniciativa son NUMAX (Santiago de Compostela), Librería Paz (Pontevedra), Librería Trama (Lugo) e Aira das Letras (Allariz).
9. O xurado resérvase a posibilidade de outorgar mencións especiais, sen dotación económica.
10. A decisión do xurado darase a coñecer nun prazo non superior a 10 días desde o peche do prazo de participación.
11. As entidades organizadoras poderán usar imaxes dos vídeos participantes co obxectivo de promocionar esta iniciativa.

PUBLICACIÓN E DEREITOS DE AUTOR

A organización do certame publicará as imaxes ganadoras nas súas páxinas webs e nas redes sociais. Das imaxes finalistas, a propiedade intelectual e autoría serán sempre da autora. A Asociación PuntoGal deberá facer constar en futuras reprodución impresa ou dixital o nome da autora.

Os participantes responsabilizaranse da autoría das imaxes e orixinalidade destas, así como que non existan dereitos de terceiros sobre estas.



BASES DO CONCURSO



TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos recollidos trataranse de conformidade á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e serán propiedade da Asociación PuntoGal, non cedéndose ou comunicándose a terceiros e tan só con efectos de participar no concurso e/ou recibir os premios derivados do concurso. Só poderán aparecer imaxes de maiores de idade, ou no seu caso como indica a lei, o tratamento dos datos poderá unicamente fundamentarse no seu consentimento cando sexa maior de 14 anos.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico info@dominio.gal ou á Dirección Xeral PuntoGal, Rúa Maestranza, 9, 15001, A Coruña.

PuntoGal comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.